



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 18 de maio de 2017

Hora de comezo: 14.15 h

Hora de remate: 14.40 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

Don Antonio González Barral

AUSENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Requirimento de limpeza de maleza de parcela no lugar de Moa – Loureda**
- 3. Arquivo de expediente de limpeza de maleza no lugar de Ponte Ledesma**
- 4. Devolución de contía á compañía Allianz seguros e reaseguros SA por duplicidade de pagos**
- 5. Aprobación de facturas**
- 6. Alta no programa de alimentos derivado do convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia e alta no programa de alimentos da “Cruz Roja”**
- 7. Concesión de axuda de emerxencia social**
- 8. Licenza urbanística**
- 9. Aprobación bases para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba**

10. Aprobación das bases para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de dous brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais.
11. Solicitude axuda e subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o ano 2017.
12. Solicitude subvención para a promoción do uso da lingua galega, ano 2017
13. Aprobación do convenio de colaboración con RAMSA para a realización do 4º encontro de fraternidade do DRAGAL
14. Contratación do servizo de monitores para realización de actividades de verán
15. Aboamento do segundo pago á empresa Vueling en relación co intercambio con Ibiza
16. Solicitude subvención á Consellería de Política Social “Galeuropa”, dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil con cargo o programa operativo de emprego xuvenil , ano 2017
17. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 4 de maio do 2017.

2. Requirimento de limpeza de maleza de parcela no lugar de Moa – Loureda

Antecedentes

Con data 8 de maio o 2017, co número de rexistro de entrada 926/2017, don Manuel xxxxx, con domicilio en Loureda, xxxxx, Boqueixón, presenta escrito sinalando que a parcela que está preto da súa vivenda (a número 140, polígono 502) está con abundante maleza, que lle invade a súa propiedade.

Que existe perigo de insalubridade e de incendio.

Solicita a limpeza da leira .

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da leira con abundante maleza, figurando como titular da leira número 140, polígono 502, don José Luis xxxxx.

Según informe do técnico municipal de data 12 de maio do 2017, sinálase que *“feita inspección técnica no lugar de Moa-Loureda, compróbase que preto da vivenda de don Manuel xxxxx, existe unha parcela con vivenda, en situación de abandono e con importe volume de biomasa vexetal.*

Existe risco de insalubridade así como de incendio.

Dita parcela ten o número de polígono 502 e de parcela 140, de Moa – Loureda.

Acompáñase reportaxe fotográfica”

Consideracións xurídicas:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

3. O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir ó propietario da parcela número 140, polígono 502, don José Luis xxxxx, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza existente.

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

3. Dar trámite de audiencia ó citado propietario para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presenten documentación oportuna.

3. Arquivo de expediente de limpeza de maleza no lugar de Ponte Ledesma

Con data 23 de marzo do 2017 co número de entrada 545/2017 dona Olga xxxxx presenta escrito sinalando que preto da súa vivenda, no lugar de Ponte Ledesma xxxxx, existen unhas leiras con abundante maleza e a menos de 50 metros.

Solicita que se proceda coa súa limpeza para evitar o risco de incendio.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade das leiras con abundante maleza, figurando como titular das leiras número 447, 448 e 450, polígono 45, don José xxxxx e figurando como titular da leira número 449, polígono 45, María xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 6 de abril do 2017 acordouse requirir ós propietarios das leiras don José xxxxx (leiras número 447, 448 e 450 do polígono 45) e dona María xxxxx (leira número 449, polígono 45) para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza, unha distancia de 50 metros perimetrais respecto da vivenda de dona Olga xxxxx.

Déuselles trámite de audiencia.

Según informe do técnico municipal, do 11 de maio do 2017: *“Feita segunda inspección técnica no lugar de A Baiuca - Ponte Ledesma, compróbase que nas leiras número 447,448,449 e 450, polígono 45, procedeuse coa limpeza da maleza existente nas mesmas Cúmprese co establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.”*

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra don José xxxxx propietario das leiras número 447, 448 e 450 do polígono 45, lugar de Ponte Ledesma e contra dona María xxxxx, propietaria da leira número 449, polígono 45, por proceder os mesmos cos traballos de limpeza de maleza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
2. Comunicar o acordo os interesados.

4. Devolución de contía á compañía Allianz seguros e reaseguros SA por duplicidade de pagos

Con data 28 de agosto do 2016, no lugar de Moa – Loureda, concello de Boqueixón, o vehículo con matrícula 8887 GBK, propiedade de don Alexis xxxxx, impacta contra unha luminaria pública, destrozando a mesma.

Ditos datos son facilitados por Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento e iluminación pública do concello de Boqueixón, así como a reportaxe fotográfica dos destrozos ocasionados e o presuposto de reparación número 659 de data 23/09/2016, en concepto de columna e farol ornamental, que ascende a un total de 1.506,22 euros.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 20 de outubro do 2016 acordouse aprobar a valoración do arranxo de columna e farol ornamental rotos en Moa – Loureda o día 28 de agosto do 2016, por importe total de 1.506,22 euros.

Tamén se acordou comunicarlle a Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA e o propietario do vehículo don Alexis xxxxx que, ou ben o propietario do vehículo ou ben a compañía de seguros, deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo do arranxo do farol.

Déuselles trámite de audiencia a Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA e a don Alexis xxxxx para que no prazo de 10 días puidesen presentar alegacións ou documentación oportuna.

Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA, recibe a notificación de reclamación de contía por danos, con data 28 de outubro do 2016 e don Alexis xxxxx recibe a notificación de reclamación o 28 de outubro do 2016.

Non presentaron alegacións nin documentación oportuna.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 19 de xaneiro do 2017 iniciase o expediente de execución subsidiaria e en consecuencia o arranxo da columna e farol rotos.

Comunícaselle á empresa “Montaxes Eléctricos Fernández SL que proceda coa reposición da luminaria e igualmente comunícaselle á Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA e

a don Alexis xxxxx, propietario do vehículo matrícula 8887 GBK, que unha vez executadas as obras daráselles trasladada correspondente factura para que procedan co seu aboamento (1.506,22 €).

Déuselles traslado deste acordo a Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA e a don Alexis xxxxx, propietario do vehículo matrícula 8887 GBK, os efectos oportunos.

Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA, recibe a notificación de inicio de execución subsidiaria en relación coa reclamación de contía por danos, con data 24 de xaneiro do 2017 e don Alexis xxxxx recibe a notificación de inicio de execución subsidiaria o 24 de xaneiro do 2017.

Non presentaron alegacións nin documentación oportuna.

Con data 8 de febreiro do 2017 remítese escrito a Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA (rexistro de saída 129/2017) e a don Alexis xxxxx (rexistro de saída 123/2017) comunicándolles que pola empresa “Montaxes Eléctricos Fernández SL” presentouse factura por importe de 1.506,22 euros, unha vez efectuados os traballos de reposición da citada columna e farol ornamental.

Dáselles traslado da citada factura (número 1299; concepto: columna e farol ornamental rotos en Moa –Loureda o 28/08/2016 por vehículo 8887 GBK; importe total : 1.506,22 €; rexistro de entrada no concello número 191/2017, data: 6 de febreiro do 2017) para que no prazo de 10 días, a contar desde o seguinte ó da súa recepción, procedan co aboamento da citada contía no número de conta do concello ES51 2080 0320 2031 1000 0344.

Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA, recibe a notificación da remisión da factura o 10 de febreiro do 2017 e don Alexis xxxxx recibe a notificación de remisión de factura o 13 de febreiro do 2017.

Con data 17/02/2017 nº de entrada 282/2017 rexístrase fax remitido pola compañía Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA comunicando que en relación co sinistro 559080681, ocasionado polo vehículo IBIZA STELLA 1.9 TDI100 3P, matrícula 8887 GBK, danos farol ornamenta en Loureda, solicitan que se remita finiquito e renuncia de accións contra a compañía, para proceder a efectuar o ingreso de 1.506,22 euros.

Dita documentación remítese á compañía de seguros con data 20 de febreiro do 2017, número de saída 161/2017.

Recíbese a notificación do finiquito pola compañía aseguradora con data 21 de febreiro do 2017.

Con data 8 de marzo do 2017 consta ingresada na conta bancaria do concello por Allianz seguros e reaseguros SA, o importe total de 1.506,22 euros, en relación co sinistro ocasionado polo vehículo matrícula 8887GBK. (Rexistro de entrada número 452/2017, do 9 de marzo do 2017)

Con data 16 de marzo do 2017 acordouse en Xunta de Goberno o arquivo do expediente de reclamación de contía por danos ocasionados en ben público, por proceder a empresa aseguradora do vehículo matrícula 8887 GBK, propiedade de Alexis xxxxx, o aboamento da contía de 1.506,22 euros.

Con data 9 de maio do 2017, número de entrada 939/2017, recíbese escrito de don Roberto Botana Castro, letrado que actúa en nome e representación de Allianz seguros e reaseguros

SA, no cal interesa a devolución por duplicidade de pago da cantidade de 1.506,22 euros en base os seguintes feitos:

Sinala que con data 10 febreiro do 2017 a compañía Allianz recibe a notificación da remisión da factura con causa nun sinistro atribuído á matrícula 8887 GBK derivado da colisión cunha farola ornamental.

Que por razóns organizativas, o escrito non chegou a tempo ás oficinas centrais en Barcelona, rematando o prazo para presentar alegacións.

Comprobaron que o vehículo con matrícula 8887 GBK non estaba asegurada en Allianz e decidiron aboar por conta de terceiro a referida factura e posteriormente repetir contra o causante pola vía civil. (O vehículo tractocamión, matrícula 8887 GBK propiedade de Transportes Gómez Herranz SL, fora dado de baixa definitiva o 16-6-2016.

Remiten orde de pago ó concello de Boqueixón, mediante transferencia bancaria con data 06/03/2017, sinistro de referencia 564825276, farola 8887 GBK, por importe total de 1.506,22 €.

Con data 8 de marzo do 2017 consta ingresada na conta bancaria do concello.

Comprobaron igualmente que don Alexis xxxxx foi causante do sinistro de data 28-08-2016 co vehículo IBIZA, matrícula **8997 GDK**, asegurado a todo risco na compañía Allianz ata novembro do 2016 e que efectivamente tiña aperturado un sinistro co número 559080681.

No citado expediente aperturado nº 559080681 cónstalles outra transferencia efectuada o concello de Boqueixón o 23 de febreiro do 2017, por importe de 1.506,22 €, en base a factura remitida por Montaxes Eléctricos Fernández SL, por derribo de farola ornamental.

O vehículo causante do sinistro ten a matrícula 8997 GDK non o vehículo matrícula 8887 GBK.”

Xunto coa solicitude de devolución da contía de 1.506,22 euros axunta:

- Copia do poder de representación de Allianz compañía de seguros y reaseguros SA
- Copia do escrito de remisión polo concello de Boqueixón da factura de reposición dos custos de arranxo da columna e farol rotos en Moa – Loureda , copia da factura e carta de notificación.
- Copia do informa do rexistro xeral de vehículos da Dirección Xeral de Tráfico sobre identificación do vehículo 8887 GBK con baixa definitiva o 16-06-2016
- Copia de factura proforma de venta da cabeza tractora, matrícula 8887 GBK o 27/05/2016 a Adel xxxxx.
- Copia da anulación do seguro do vehículo matrícula 8887 GBK na compañía Allianz o 23/06/2016.
- Copia do duplicado da póliza do seguro do vehículo matrícula 8997 GDK
- Copia das transferencias realizadas o concello de Boqueixón con datas 23 de febreiro (sinistro número 559080681, vehículo matrícula 8997 GDK, por importe de 1506,22 €) e 6 de marzo do 2017 (sinistro número 564825276, vehículo matrícula 8887 GBK, por importe de 1506,22 €)
- Copia dos escritos remitidos polo concello: finiquito e renuncia de accións.

Por parte do servizo de intervención do concello, previa revisión das transferencias efectuadas nos meses de febreiro e marzo do ano 2017 compróbase que:

A) Con data 27 de febreiro do 2017 transfírese á conta do concello o importe de 1.506,22 € en concepto de sinistro nº 559080681, data de ocorrencia o 28/08/2016, referencia: farol ornamental Loureda, matrícula: 8997 GDK.

B) Con data 8 de marzo do 2017 transfírese á conta do concello o importe de 1.506,22 € en concepto de sinistro nº 564825276, data de ocorrencia o 20/01/2017, referencia: farol, matrícula: 8887 GBK.

Polo exposto, tendo en conta que o ingreso efectuado pola compañía de seguros Allianz seguros e reaseguros SA con data 27 de febreiro do 2017, por importe de 1.506,22 € en concepto de sinistro nº 559080681, data de ocorrencia o 28/08/2016, referencia: farol ornamental Loureda, matrícula: 8997 GDK é o ingreso que se corresponde co vehículo que efectivamente causou o dano na luminaria pública e que o ingreso efectuado pola mesma compañía con data 8 de marzo do 2017, por importe de 1.506,22 € en concepto de sinistro nº 564825276, data de ocorrencia o 20/01/2017, referencia: farol, matrícula: 8887 GBK, non se corresponde con ningún sinistro ocasionado no concello na citada data, a Xunta de Goberno acorda:

1. Proceder coa devolución do importe de 1.506,22 euros á compañía de seguros Allianz seguros e reaseguros SA, posto que dito importe ingresado o 8 de marzo do 2017 na conta bancaria do concello de Boqueixón, en concepto de sinistro nº 564825276, data de ocorrencia 20/01/2017, referencia: farol, matrícula: 8887 GBK, non se corresponde con ningún sinistro ocasionado no concello na citada data e polo citado vehículo.

2. Dar conta deste acordo ó departamento de tesourería para que proceda a efectuar a devolución do importe de 1.506,22 € a compañía Allianz seguros, no número de conta bancaria sinalada a este efecto por don Roberto Botana Castro: ES27 0075 0131 3101 9002 0195.

5. Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes relacións de facturas que serán aboadas con cargo ó exercicio orzamentario do ano 2017 por un total de 52.321,26 euros:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Compostela Digital, SL – Renovación anual dos dominios internet e o antivirus + instalación cableado en oficinas xerais	920.220.02 920.212.00	414,88
2	Comercial Sánchez y Torres, SC – Arranxo cortacésped + fio para desbrozadora	171.21300	158,29
3	La Rosaleda De la Coruña – Recollida de can abandonado	920.22799	157,30
4	Ferretería Botana – Materiais arranxo contedores lixo campo da festa de Lestedo + subministro material limpeza de beirarrúas	1621.21300 1532.21300	83,56
5	Ferretería Botana – Insecticida para locais municipais + tratamento herbas	171.22199 920.21200	89,70
6	Ferreteral, SA – Bomba de achique para servizo de abastecemento	161.22199	563,76
7	Matilde Calvo Suárez – Servizo de terapia ocupacional mes de abril	231.22799	418,95
8	Montouto Reparaciones, SL – Reparación do camión do lixo	1621.21300	3.096,14
9	Autoeléctrico Sergude, SC – Substitución bidón auga en camión do lixo	1621.21300	77,10
10	Autoeléctrico Sergude, SC – Reparación grupo electrógeno	920.21300	59,77
11	Fornecementos Galegos, SL – Mantemento fotocopiadoras mes de maio	920.21300	420,63
12	Alfarería Alto do Couso, SL – Agasallos para o Encontro de Maiores 2017	924.22699	401,72
13	Gas Natural Servicios SDG, SA – Consumo enerxía eléctrica ETAP Orto mes de marzo	161.22100	8.531,66

14	Construcciones Boqueixón, SL – Reposición de pneumáticos da pa retroescavadora + reparación de pinchazos	414.21300	704,88
15	José M. González Nande – Actuación grupo Channel no encontro de maiores 2017	924.22699	363,00
16	Ascensores Enor, SA – Mantemento ascensor CPI Antonio Orza Couto mes de maio	320.21300	78,24
17	Ascensores Enor, SA – Mantemento ascensor concello mes de maio	920.21300	78,23
18	CHC Energía, SA – Consumo eléctrico local social de Vila – do 28/02/17 ó 28/04/17	165.22100	80,59
19	Sogama, SA – Tratamento RSU mes de abril	162.3.21200	7.219,21
20	Ulla Oil,SL – Gasóleo A para depósitos municipais	153.2.22103	2.940,00
21	Ferretería Torres – Materiais para arranxos marquesiñas + limpeza + serv. Abastecemento	151.21200 920.21200 161.22199	48,520
22	Lau Creaciones,SL – Maquetación e impresión de 1.500 revistas da Xanela	334.22609	689,52
23	Area Informática – Cartolinas de cores e etiquetas para oficinas municipais	920.22000	322,19
24	Picadilly School of English,SL – Servizo clases de inglés mes de marzo	334.22609	2.201,00
25	Picadilly School of English,SL – Servizo clases de inglés mes de abril	334.22609	1.395,00
26	Almacenes Redondo – Materiais para mantementos varios: arranxo tajeas en Sergude, abastecemento en Loureda, beirarrúas en Codeso, ampliación saneamento en Lestedo, marquesiñas en Lestedo e escola de Sergude	1532.21200 161.22199 1532.22199 160.21200 151.212.00 920.21200	181,28
27	Barcala Carpinteiros, SL – Colocación tarima flotante+ rodapé + pezas de aceiro para os enchufes no local das oficinas xerais	920.21200	1.101,10
28	David Fernández Neira – Servizo actividades deportivas mes de abril	341.22609	1.623,82
29	Probisa – Aglomerado para bacheados en pistas municipais	153.2.22199	550,92
		Importe	34.050,96

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2017

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
30	Telefónica de España, SAU – Servizo fusión: fax+adsl+móviles do 18 de marzo ó 17 de abril	920.22200	462,70
31	Compostela Digital, SL – Mantemento informático mes de abril	920.21600	592,22
32	Correos y Telégrafos, SA – Servizo de correos mes de abril	920.22201	766,65
33	Estudio Técnico Gallego,SA – Asistencia técnico urbanística mes de abril	151.227.06	1.948,54
34	Fremap – Cota dos meses de maio a xullo do servizo de prevención técnica e vixilancia da saúde	920.22799	506,65
		Importe	4.276,76

A continuación reflíctense as facturas emitidas por Gas Natural SUR SDG, SA pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 9.101,25 euros. Impútanse á partida 165.22100 do orzamento do ano 2017.

Nº de Factura	CUPS	Importe	Lugar suministro	Data emisión	Data facturación
17137004368279	ES0022000007662958RN1P	42,22	Lg. Carabán, 9915 - A.Púb.	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004382136	ES0022000007320582LZ1P	91,39	Lg. Torre, 9000 A.Público	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004348086	ES0022000007376881YD1P	43,44	Lg. Moa, 9001 A.Público	02/03/2017	23/01/17 a 22/02/17
17137004225874	ES0022000007249688LY1P	120,24	Lg. Outeiro, 9918 ALPU01	02/03/2017	24/12/16 a 24/02/17

17137004384659	ES0022000007249678HL1P	33,78	Lg. Agra, 9917 A. Público2	02/03/2017	23/01/17 a 22/02/17
17137004384685	ES0022000007253334QH1P	21,57	Lg. Igrexa (A), Forte 9000 A.Púb.	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004353090	ES0022000007021150HL1P	160,60	Lg. Ramil, 9704 - A.Público	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004576525	ES0022000009030714ZG1P	23,66	Lg. Rodiño Grande, 9998 A.Púb.	05/03/2017	23/01/17 a 22/02/17
17137004250659	ES0022000007373071RV1P	182,27	Lg. Caneda, 9995 A.Público.	01/03/2017	24/12/16 a 24/02/17
17137004635773	ES0022000007320551HY1P	5,87	Lg. Rodiño Grande, 9001 A.Púb.	05/03/2017	23/01/17 a 22/02/17
17137004944137	ES0022000007320544VE1P	55,26	Lg. Senande, 9000 A.Público	02/03/2017	31/01/17 a 02/03/17
17137004390754	ES0022000007320543VK1P	92,77	Lg. Vigo, 9000 A.Público	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004162536	ES0022000007661757HF1P	772,17	Lg. Forte, 9080 A.Público	01/03/2017	23/12/16 a 24/02/17
17137004368066	ES0022000008622407VQ1P	94,55	Lg. Lestedo, 9001 A.Público	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004397862	ES0022000007320549HG1P	163,12	Lg. Deseiro de Arriba, 9002 A.Púb.	02/03/2017	29/01/17 a 27/02/17
17137004374603	ES0022000007021267TK1P	146,26	Lg. Rubial, 9697 - A.Público	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004374093	ES0022000007662959RJ1P	46,14	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Público	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004374098	ES0022000007107334QE1P	57,97	Lg. Rubio, 9796 A. Público	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004379474	ES0022000007661637JW1P	65,22	Lg. Forte, 9032 A.Público	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004381580	ES0022000007251852KP1P	150,14	Lg. Loureda, 8889 A.Público	02/03/2017	23/01/17 a 22/02/17
17137004381600	ES0022000007251849KM1P	36,65	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Púb.	02/03/2017	23/01/17 a 22/02/17
17137004345750	ES0022000008964525BD1P	20,15	Lg. Aldea de Orto, 9700- Boqueixón	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004274430	ES0022000007249794TC1P	347,50	Lg. Igrexa (A), 9927 A.Público	01/03/2017	23/12/16 a 24/02/17
17137004291744	ES0022000007107339VG1P	63,68	Lg. Noenlle, 9794 A. Público2	01/03/2017	20/01/17 a 20/02/17
17137004389156	ES0022000007249659HT1P	43,15	Lg. Carabán, 9914 - A.Púb.	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004396015	ES0022000007249769EH1P	78,93	Lg. Vilar, 9924 A.Público	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004578702	ES0022000007249666HF1P	89,75	Lg. Pena, 9915 - A.Público	05/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004369201	ES0022000007019787MJ1P	323,29	Lg. Casalpeguito, 9318 A.Púb.	02/03/2017	24/12/16 a 24/02/17
17137004369806	ES0022000008895802JX1P	48,48	Bombeo de Noenlle 9010	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004376736	ES0022000007320555HX1P	23,69	Lg. Vilar, 9003 A.Público	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004404442	ES0022000007373065RB1P	85,74	Lg. Vilaboa, 9998 - A.Público	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004582701	ES0022000004975486VK1P	198,79	Lg. Vilar, 9700 A.Público	05/03/2017	01/02/17 a 28/02/17
17137004592235	ES0022000007320580LN1P	198,23	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	05/03/2017	01/02/17 a 28/02/17
17137004624986	ES0022000007661745VH1P	33,95	Lg. Gándara, 9701 A.Púb.	05/03/2017	30/01/17 a 27/02/17
17137004356037	ES0022000008876495WT1P	63,33	Lg. Vilar, 0005 A.Público	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004348541	ES0022000007455163ME1P	133,04	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004351481	ES0022000004975490HW1P	3,19	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	02/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004630354	ES0022000007251856KN1P	246,61	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	05/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004637022	ES0022000007021143HN1P	197,05	Lg. O Burgo, 9710 Lamas A.Público	05/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004404559	ES0022000007249757EY1P	108,91	Lg. Agra, 9922 A. Público	02/03/2017	23/01/17 a 22/03/17
17137004637134	ES0022000007320546HR1P	186,86	Lg. Lamas, 9001 A.Público	05/03/2017	27/01/17 a 27/02/17

17137004678784	ES0022000007455157MQ1P	196,82	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	05/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004707605	ES0022000007561243HA1P	108,80	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	06/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004707733	ES0022000007566337DZ1P	117,96	Lg. Casal, 9109 - A.Público	06/03/2017	28/01/17 a 27/02/17
17137004129642	ES0022000004357716EP1P	237,04	Lg. Vilar, 0001	26/03/2017	23/02/17 a 22/03/17
17137004151164	ES0022000007251849KM1P	26,43	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Púb.	26/03/2017	23/02/17 a 22/03/17
17137004151102	ES0022000007251852KP1P	107,34	Lg. Loureda, 8889 A.Público	26/03/2017	23/02/17 a 22/03/17
17137004260368	ES0022000009030714ZG1P	382,57	Lg. Rodiño Grande, 9998 A.Púb.	29/03/2017	23/02/17 a 21/03/17
17137004805217	ES0022000008964524BP1P	25,94	Lg. Moa, 9001 - LOCAL	08/03/2017	01/02/17 a 28/02/17
17137004675364	ES0022000007021268TE1P	313,54	Lg. Gándara, 9700 A.Público	02/03/2017	29/01/17 a 27/02/17
17137004913277	ES0022000007164018CB1P	12,23	Lg. Forte, 9030 A.Público	09/03/2017	02/02/17 a 01/03/17
17137004708942	ES0022000007249633QC1P	1117,16	Lg. Xiadás, 9910 A.Público	07/03/2017	24/12/16 a 24/02/17
17137004710055	ES0022000007164018CB1P	15,31	Lg. Forte, 9030 A.Público	07/03/2017	29/12/16 a 01/02/17
17137004134940	ES0022000004975491HA1P	139,15	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	13/03/2017	25/01/17 a 28/02/17
17137004119573	ES0022000007021144HJ1P	123,83	Lg. Rodiño Pequeno, 9709 A.Púb.	26/03/2017	21/02/17 a 21/03/17
17137004181997	ES0022000004357736TM1P	10,87	Lg. Vilar, 0154ER	26/03/2017	23/02/17 a 22/03/17
17137004312207	ES0022000007107339VG1P	44,78	Lg. Noenlle, 9794 A. Público2	29/03/2017	21/02/17 a 21/03/17
17137004619585	ES0022000008622400VD1P	268,31	Lg. Rodiño Pequeno, 9700 A.Púb.	05/03/2017	25/01/17 a 27/02/17
17137004079874	ES0022000008942577TA1P	228,61	Lg. Vilar, 0001 A.P Poste	26/03/2017	23/02/17 a 22/03/17
17137004106559	ES0022000007249751ET1P	2,82	Lg. Gastrar, 9921 A.Público	26/03/2017	23/02/17 a 22/03/17
17137004137538	ES0022000007249650VZ1P	53,34	Lg. Melón, 9913 A.Público	26/03/2017	23/02/17 a 22/03/17
17137004144360	ES0022000007854283VT1P	90,70	Lg. Lamas, 9004 LOCALS	26/03/2017	22/02/17 a 21/03/17
17137004158013	ES0022000004312931FG1P	226,71	Lg. Lamas, 8004CC	26/03/2017	22/02/17 a 21/03/17
17137004165280	ES0022000007776341DM1P	75,06	Lg. Moa, 9002 A.Público	26/03/2017	23/02/17 a 22/03/17
17137004159160	ES0022000007249678HL1P	23,84	Lg. Agra, 9917 A. Público2	26/03/2017	23/02/17 a 22/03/17
17137004189911	ES0022000007249771EC1P	169,47	Lg. Picota, 9925 A.Público	26/03/2017	23/02/17 a 22/03/17
17137004292829	ES0022000007320551HY1P	83,01	Lg. Rodiño Grande, 9001 A.Púb.	29/03/2017	23/02/17 a 21/03/17
TOTAL		9.101,25			

A continuación reflíctense as facturas emitidas por CHC Energía pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 2.432,55 euros. Impútanse á partida 165.22100 do orzamento do ano 2017.

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Subministro	Data emisión	Data facturación
1CSN170400102863	ES0111000009313060CD0F	210,38	Centro Cultural Camporrapado	17/04/17	01/03/17 a 01/04/17
1CSN170400117923	ES0221000001006049YG0F	366,78	Igrexa de Ledesma	29/04/17	28/02/17 a 28/04/17
1CSN170400117924	ES0221000001005012FW0F	470,06	Lugar Noente, S/N	29/04/17	28/02/17 a 28/04/17
1CSN170400117925	ES0221000001007055AK0F	306,49	Lg. Ponte Ledesma S/N	29/04/17	28/02/17 a 28/04/17

1CSN170400117926	ES0221000001005007YC0F	30,27	Local Social de Noente	29/04/17	28/02/17 a 28/04/17
1CSN170400117932	ES0221000001007059GW0F	183,90	Lugar da Baiuca, S.N	29/04/17	28/02/17 a 28/04/17
1CSN170400117933	ES0111000009303093RR0F	427,63	Local Social de Codeso	29/04/17	28/02/17 a 28/04/17
1CSN170400117934	ES0221000001007061GG0F	437,04	Lg. Ponte Ledesma S/N	29/04/17	28/02/17 a 28/04/17

TOTAL 2.432,55€

Aprobación de facturas con cargo a subvencions

Plan PAS 2015

Proxecto: Melloras no campo de fútbol do Forte e outro

Importe: 36.058,06 euros

Deputación da Coruña

Partida presupostaria: 933.619.01

Núm.	Proveedor	Importe
1	Baygar, SL – tobogán, balancín e muelle para parque infantil en Loureda	1.862,80
2	Almacenes Redondo – Materiais para obra do campo de fútbol do Forte	387,85
3	Madesa Almacén de carpintería, SL – Reposición teito en local social de Loureda	209,09
	Total	2.459,74

6. Alta no programa de alimentos derivado do convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia e alta no programa de alimentos da “Cruz Roja”

Acordo de dar de alta no programa de alimentos derivado do convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia (1 usuario) e alta no programa de alimentos da “Cruz Roja” (1 usuario).

7. Concesión de axuda de emerxencia social

Acórdase conceder unha axuda de emerxencia social

8. Licenza urbanística

Antecedentes:

Con data do 10/05/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/0956, por dona Alba xxxxxx, con DNI nº: xxxxxx, e con domicilio en xxxxxx (15706 – Santiago de Compostela), achégase un proxecto técnico de segregación da finca catastral nº: 15012A509001520000WS (parcela 152 da concentración parcelaria de Codeso; finca rexistral 8109 de Boqueixón). O proxecto técnico esta asinado polo arquitecto, D. Manuel Ángel Rodríguez Filgueira, con data de abril de 2019. A finca obxecto deste expediente, está clasificada urbanísticamente como solo de núcleo rural e solo rústico.

Con data do 11/05/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

1.- *No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*

2.- Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.

Consta no expediente o pagamento das taxas municipais, por importe de 184,86 €, realizado aos efectos con data do 10/05/2017.

Con data do 15 de maio de 2017, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro:

Conceder, a dona Alba xxxxx, con DNI nº: xxxxx, a licenza municipal, para a “parcelación da finca catastral nº: 15012A509001520000WS, que se corresponde coa parcela 152, da zona de concentración parcelaria de Codeso; finca rexistral 8109 de Boqueixón (Boqueixón – A Coruña), emprazada urbanísticamente en solo de núcleo rural e solo rústico, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

Núm. de expediente: 2017 / 0956

01. Promotora da licenza: Alba xxxxx

02. D.N.I. da promotora: xxxxx

03. Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, e solo rústico

04. Tipo de licenza: Parcelación dunha finca en 3 lotes

05. Referencia catastral da finca: 15012A509001520000WS

06. Situación e emprazamento: Santaia – Codeso – Boqueixón

07. Proxecto técnico: ABRIL 2017

08. Técnico autor do proxecto: D. Manuel Ángel Rodríguez Filgueira, arquitecto

1. Parcela inicial:

1.1. – Finca número 152 do plano xeral da zona de concentración parcelaria da zona (sita no lugar de Santaia, na parroquia de Codeso, no Concello de Boqueixón - A Coruña): labradío ao sitio de “SANTAYA”, cunha superficie de cincuenta e tres áreas e cincuenta e catro centiáreas (5354 m²); e que linda: norte, finca número 154 de Jesús xxxxx e outra, camiño en medio; Sur e Leste, camiño; e Oeste, finca número 151 de María xxxxx.

Ref. catastral 15012A509001520000WS

Inscripción.: Tomo 1249 – Libro 88 – Folio 54 – Finca 8.109

2. Parcelas resultantes:

2.1 – Parcela nº 152-1: Clasificación urbanística: Solo rústico de especial protección agropecuaria; cunha superficie de **3.529 m²**; e que linda:

Norte:	Finca número 154 de D. Jesús xxxxx e outra
Sur:	Camiño público
Leste:	Parcelas segregadas 152-2, 152-3, 152-4 e 152-5
Oeste:	Finca número 151 de Doña María xxxxx

2.2 – Parcela nº 152-2: Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural – Ordenanza de Núcleo Histórico Tradicional; destinada a **cesión municipal**, cunha superficie de **153,08 m²**; e que linda:

Norte:	Finca número 154 de D. Jesús xxxxx e outra
Sur:	Parcela segregada 152-3
Leste:	Camiño público
Oeste:	Parcelas segregadas 152-1 e 152-3

2.3 – Parcela nº 152-3: Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural – Ordenanza de Núcleo Histórico Tradicional; cunha superficie de **994,03 m²**; en que linda:

Norte:	Parcela segregada 152-2
Sur:	Parcela segregada 152-4
Leste:	Camiño público
Oeste:	Parcela segregada 152-1

2.4 – Parcela nº 152-4: Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural – Ordenanza de Núcleo Histórico Tradicional; cunha superficie de **627,34 m²**; en que linda:

Norte:	Parcela segregada 152-3
Sur:	Parcela segregada 152-5
Leste:	Camiño público
Oeste:	Parcela segregada 152-1

2.5 – Parcela nº 152-5: Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural – Ordenanza de Núcleo Histórico Tradicional; destinada a **cesión municipal**, cunha superficie de **50,55 m²**; e que linda:

Norte:	Parcela segregada 152-4
Sur:	Camiño público
Leste:	Camiño público
Oeste:	Parcela segregada 152-1

Segundo:

Aceptar, en base ao establecido nos artigos 24.2 e 150.5, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e 368.5, do Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia; as cesións municipais, correspondentes ás parcelas 152-2 (**153,08 m²**) e 152-5 (**50,55 m²**); e destinalos á ampliación das vías públicas ás que dan fronte.

Deberá presentar, a nome do Concello de Boqueixón, a escritura pública de cesión.

Terceiro:

Notificar este acordo á interesada

9. Aprobación bases para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba

Antecedentes

Visto o convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Boqueixón para a participación na prevención e defensa forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no Marco do PDR de Galicia 2014-2020, que establece compromiso da entidade local na acción de actuación de vehículos motobomba (VMB/S), que consiste entre outros compromisos en dispoñer de persoal encargado do manexo do VMB, e realizar previamente á contratación do persoal encargado do manexo e

actuación do VMB un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

O prazo de inicio da operatividade anual obxecto do convenio para o VMB será de 3,50 meses para cada un dos vehículos motobombas sendo o comezo da operatividade dos medios entre os días 1 e 31 de xullo. Por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio nun máximo de 31 días naturais.

O concello de Boqueixón comprométese a que o VMB estea e permaneza en perfectas condicións mecánicas e de dotación, así mesmo terá a documentación ó día e cumprir as obrigas administrativas (ITV, polizas, seguros, impostos, etc). Manter operativo o VMB polo menos 16 horas ó día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexa requerido para a extinción deles.

Os gastos subvencionables na acción de actuación de vehículos motobombas inclúe gastos de persoal, o funcionamento e mantemento dos vehículos motobombas, os recoñecementos médicos e probas de esforzo, os cursos de formación, así como a subministración de EPIs de extinción e ferramentas de extinción.

Pola operatividade de cada vehículo motobomba a Consellería do Medio Rural aboará como custo total anual 16.747,50 €.

Polo tanto, esta entidade terá operativa a actuación dun vehículo motobomba con 3 compoñentes.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar os trámites para a contratación de 3 peóns forestais encargados do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMB), durante 3,50 meses.

2. Aprobar as seguintes bases:

BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DA CONTRATACIÓN DE 3 PEÓNS FORESTAIIS ENCARGADOS/AS DO MANEXO E ACTUACIÓN DO VEHÍCULO MOTOBOMBA (V.M.B)

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.- A convocatoria ten por obxecto contratar 3 peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba, co código: 95431028, durante 3,5 meses con data límite de formalización de contrato o 31 de xullo de 2017.

A modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de obra ou servizo a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo. Tendo en conta que é compromiso do concello de Boqueixón manter operativo o VMB polo menos 16 horas ó día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexa requerido para a extinción deles.

2.- As funcións a realizar serán as seguintes:

Labouras encamiñadas á prevención, construción e mellora da infraestrutura de defensa contra incendios forestais, que disminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios.

3.- A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador será de 1.187,27 euros/mes.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar inscrito coma desempregado/a no Servizo público de Emprego. Os/as candidatos/as serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello de Boqueixón para a ocupación de peón forestal co código: 95431028.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas (anexo II).
- e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta (anexo III DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA)
- f) Estar en posesión do **permiso de conducir C**.

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

Os/as aspirantes estarán preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/as previa oferta presentada por esta entidade requirindo candidatos/as na ocupación de peón forestal co código: 95431028, e estar en posesión do permiso de conducir C.

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/as deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) co DNI. Os/as candidatos/as realizarán unha proba escrita para optar ás prazas, unha proba práctica e baremación dos méritos. Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar na alcaldía das dependencias municipais da Casa do Concello unha copia do temario.

Para realizar a selección presentase oferta no Servizo Público de Emprego de Santiago Norte para que remitan candidatos/as desempregados/as inscritos/as no Servizo público de Emprego e procederase a realización de proba escrita, proba práctica e baremación de méritos.

CUARTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

- A comisión seleccionadora será nomeada por alcaldía e estará composto por 5 membros titulares e suplentes: un presidente/a, 3 vogais, e un secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal cualificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición

a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o personal laboral temporal ou eventual, ademais a pertencenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ningún.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora se fará por resolución de alcaldía. Dita resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do presidente/a e do secretari/a ou de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente/a do tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garanticen a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 30/92, de 26 de novembro. O tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias.

QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

A Comisión seleccionadora realizará:

Proceso selectivo		Máximo a puntuar
FASE DE PROBAS	PROBA ESCRITA	10 puntos
	PROBA PRÁCTICA	15 puntos
BAREMACIÓN MÉRITOS		8 puntos
TOTAL		33 puntos

1º.- FASE DE PROBAS:

Esta fase ten **carácter obrigatoria e eliminatoria**, consistirá na realización nun mesmo día de 2 exercicios, un teórico e outro práctico, e terá unha puntuación máxima de 25 puntos.

PROBA ESCRITA: Máximo de 10 puntos

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test relacionadas co posto ofertado e cos temas relacionados no anexo I.

Está dirixida a determinar os coñecementos dos aspirantes sobre a profesión. O examen tipo test terá unha resposta correcta por pregunta (Os erros non puntúan negativo).

Sendo 5 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

A duración da proba escrita a decidirá a comisión seleccionadora.

Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar nas dependencias municipais da Casa do Concello unha copia do temario.

PROBA PRÁCTICA: Máximo de 15 puntos

Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada/s polo tribunal antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización e a puntuación de cada unha delas.

Sendo 7,5 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

As probas estarán relacionadas cas labours encamiñadas á prevención, construción e mellora da infraestrutura de defensa contra incendios forestais, que disminúan o risco de propagación e que minoren os danos dos incendios e demais tarefas que o posto requira, dirixidas a determinar a destreza dos/as aspirantes no manexo das ferramentas, do vehículo e das actividades propias da extinción de incendios forestais.

2º.- BAREMACIÓN MÉRITOS : Máximo de 8 puntos

A puntuación obtida nesta fase, non será eliminatoria.

Baremo para a valoración de méritos é o seguinte:

1) A experiencia laboral computarase ata un máximo de 5 puntos:

- Traballos prestados como peón forestal/brigada na administración pública e/ou en empresa privada: Por cada mes completo traballado 0,50 puntos.

A experiencia acreditarase mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguidade Social e mediante informe ou certificación expedido pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo).

Aqueles candidatos/as que traballasen no concello de Boqueixón poderán solicitar mediante a presentación do anexo IV para que o concello lle expida a correspondente certificación.

2) Cursos, seminarios e xornadas relacionados co posto ofertado, a puntuación non poderá superar os 2 puntos. (NON SE VALORAN CURSOS DE INFORMÁTICA, E DE IDIOMAS). Establécese o seguinte baremo:

- Cursos entre 10 e 20 horas de duración: 0,10 puntos

- Cursos entre 21 e 30 horas de duración: 0,20 puntos

- Curso entre 31 e 40 horas de duración: 0,30 puntos

- Curso entre 41 e 50 horas de duración: 0,40 puntos

- Curso de entre de 51 a 100 horas de duración: 0,50 puntos

- Curso de máis de 101 horas de duración: 1 punto

3) Cursos de galego ou validación (a puntuación non poderá superar 1 punto): só se computará o de nivel máis alto (ó final destas bases hai un anexo das validacións dos CELGAS):

Celga 4 ou validación: 1 punto.

Celga 3 ou validación: 0,75 puntos.

Celga 2 ou validación: 0,50 puntos.

Celga 1 ou validación: 0,25 puntos.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citado tribunal, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Os méritos que aleguen os/as interesados/as e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os presentados na data de realización do proceso selectivo. A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos.

Os empates producidos nas puntuacións obtidas por 2 ou máis candidatos/as na puntuación final dirimirase atendendo á puntuación máis alta acadada na proba práctica, se segue existindo empate, atenderase á puntuación máis alta acadada na proba escrita e se segue existindo empate atenderase á puntuación máis alta acadada no apartado de experiencia laboral na fase de baremación de méritos.

SEXTA- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Terminada a calificación de todos os exercicios, o tribunal publicará no Taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal a relación de aspirantes aprobados pola orde de puntuación.

Previamente á contratación dos 3 aspirantes con maior puntuación, e segundo se detalla na cláusula sexta, punto 5 do convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural, o persoal encargado do manexo e actuación do vehículo VMB debe realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar este recoñecemento médico nen a proba física non se poderá realizar a contratación de dito aspirante.

Unha vez cumpridos estos requisitos favorablemente, a comisión seleccionadora formulará a proposta de contratación a favor dos 3 aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados lista de reserva.

Dita lista de reserva será exclusivamente a efectos de cobertura de renuncias, de baixas en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós integrantes da lista de reserva dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

Abrirase un prazo de 10 días para a presentación das alegacións ós resultados acadados que se indicará cando se publique o listado da puntuación final. De non presentarse elevarase a definitivo a lista que se publicará na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

SÉTIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da comisión de selección será elevada ó alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

A formalización do contrato realizarase conforme o previsto na lexislación vixente.

OITAVA: INCIDENCIAS.

1º A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

2º Esta Resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Boqueixón, e na páxina WEB do concello de Boqueixón www.boqueixon.com

Dado en Boqueixón o día 18 de maio de dous mil dezasete, polo Alcalde Manuel Fernández Rodríguez.

Anexo I. TEMARIO

TEMA 1. Listado de parroquias e núcleos do Concello de Boqueixón.

TEMA 2. Defensa contra os incendios forestais, peóns e condutores

TEMA 3. Funcionalidade e operatividade dos vehículos autobomba na extinción de incendios forestais.

ANEXO II

Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección da 3 PEÓNS FORESTAIIS ENCARGADOS DO MANEXO E ACTUACIÓNS DO VEHÍCULO MOTOBOMBA (2017)

Don/a.....,
con DNI..... e domicilio en
nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo de
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 PEÓNS FORESTAIIS .
DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas en non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

Asemesmo, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes,

DECLARA:

- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,

- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

En Boqueixón, o de de 2017

Sinatura:.....

Anexo III

DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA

Nome e apelidos:.....
DNI:..... Data nacemento:.....
Domicilio:.....Loc
alidade:..... Provincia:.....
Código postal: Núm. Teléfono:.....
E-mail:.....

Baixo a promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, DECLARO que non padezo enfermidade infecto-contaxiosa, e que conto cas condicións físicas e psíquicas necesarias para a realización das actividades físicas de esforzo que require o posto de traballo.

Asemesmo, **DECLARO** ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo alguna enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente,

Boqueixón,de de 2017

O/A interesado/a:.....

Anexo IV

Solicitud de certificación laboral do Concello de Boqueixón para valorar na fase de méritos do proceso selectivo de 3 peóns forestais encargados do manexo e actuacións do vehículo motobomba (2017)

Nome e apelidos:.....
DNI:..... Data nacemento:.....
Domicilio:.....Loc
alidade:..... Provincia:.....
Código postal: Núm. Teléfono:.....
E-mail:.....

DECLARA ter traballado nesta entidade local, e SOLICITA, para o efectos de que lle sexa valorado os méritos no apartado de experiencia laboral neste proceso selectivo, un certificado da experiencia laboral no concello de Boqueixón.

Boqueixón,de.....de 2017

Anexo V. Celga: validacións

O sistema de validacións dos Celga é o seguinte:

1. Serán validables polo Certificado de lingua galega 1 (Celga 1):

- O certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado de curso de lingua galega para non galego-falantes impartidos polas universidades galegas, ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado do nivel básico dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.

2. Serán validables polo Certificado de lingua galega 2 (Celga 2):

- O título de graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia, ata a entrada en vigor desta orde
- O certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego da ESO nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, subscrito entre ambas as dúas comunidades.

3. Serán validables polo Certificado de lingua galega 3 (Celga 3):

- O título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP1), sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas.
- O certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego na ESO e no bacharelato nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, subscrito entre ambas as dúas comunidades.
- **Certificado de aptitude dos cursos de Iniciación de lingua galega (segundo Orde do 1º de abril de 2005)**

4. Serán validables polo Certificado de lingua galega 4 (Celga 4):

- O título de bacharelato (LOXSE ou BUP) ou técnico de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- A certificación do curso de especialización en lingua galega para profesores de EXB.

5. Serán validables polo Certificado de lingua galega 5 (Celga 5):

- O título de licenciado en filoloxía galega ou filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués).
- Calquera outro título de licenciatura, diplomatura ou equivalente, sempre que se acompañe de certificación de que se cursaron, polo menos, 18 créditos de lingua galega, e se estea en posesión do Celga 4.

- O certificado do ciclo superior de galego, expedido polas escolas oficiais de idiomas conforme ao programa previsto no Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os contidos mínimos correspondentes ao ensino especializado das linguas españolas impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

Atendendo á *ORDE de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecementos da lingua galega (Celga)*. (DOG. núm. 34 do 19 de febreiro de 2014). CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA: “Tres. A disposición adicional segunda queda redactada da seguinte maneira: «Disposición adicional segunda. Valoración de méritos e requisitos

1. Para a valoración de méritos, naqueles casos nos que proceda, e para o acceso á función pública galega, así como naqueles procedementos nos que se esixa o coñecemento da lingua galega, excepto para o estipulado na letra c) do apartado 5 do anexo I da presente orde, terá a mesma validez posuír **as certificacións de aptitude dos niveis de lingua galega oral, iniciación e perfeccionamento** (expedidas ao amparo da Orde do 19 de xaneiro de 1989 e da Orde do 1 de abril de 2005, ou da normativa anterior) que posuír as certificacións de aptitude dos Celga 1, Celga 3 e Celga 4, respectivamente.

2. Nas bases das convocatorias de oposicións, concursos de méritos ou en calquera outro procedemento estableceranse os niveis de lingua esixidos como requisito ou como mérito. Para iso, todos estes procedementos terán que axustarse ás convalidacións establecidas na presente orde».”

Para facer efectiva a validación débese proceder do xeito seguinte:

No caso de que o título ou certificado para validar corresponda ao ensino regrado preuniversitario, é dicir, EXB, Primaria, Secundaria ou Formación Profesional, a validación correspondente deberá solicitarse ao secretario/a do centro no que se estudou, xa que alí se custodian as cualificacións.

No resto dos casos, as validacións solicitaranse á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

10. Aprobación das bases para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de dous brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais.

Visto o convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Boqueixón para a participación na prevención e defensa forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no Marco do PDR de Galicia 2014-2020, que establece compromiso da entidade local na acción de Brigadas, que consiste entre outros compromisos en dispoñer de persoal encargado da actuación de dúas brigadas compostas cada unha delas por 5 membros (1 xefe de brigada, 1 peón condutor, e 3 peóns de brigada).

O prazo de inicio da operatividade anual obxecto do convenio para as brigadas será de 3 meses para cada unha das brigadas sendo o comezo da operatividade dos medios entre os

día 1 e 31 de xullo. Por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio nun máximo de 31 días naturais.

O concello de Boqueixón comprométese a:

1 Dispor, en todo momento, de brigadas efectivas compostas por 5 membros por xornadas de traballo, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento das mesmas, que será interlocutor co que se relacionará o persoal do Servizo de prevención e defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF) e será quen lle corresponda impartir directamente as ordes e instrucións de traballo ó resto da brigada municipal.

2. Que cada brigada estea compostas por:

- a. Un xefe de brigada en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais terá carné de conducir B.
- b. Un peón condutor que terá o carné de conducir B.
- c. Tres peóns de brigada.

3 Que os compoñentes da brigada realicen labours de prevención de incendios forestais, sempre que non sexa requiridas para a defensa destes, durante cada un dos 3 meses de operatividade de cada unha delas, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

4 Realizar previamente á contratación do persoal un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

5 Debido á especificidade dos traballos a realizar, priorízanse os/as candidatos/as que terán experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais.

6 Que os/as compoñentes da brigada realicen un curso-práctico de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que os/as compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

7 Dotar a cada membro do equipo obrigatorio de protección individual e ferramentas necesarios, dun vehículo todoterreo que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación, así mesmo terá a documentación ó día e cumprir as obrigas administrativas (ITV, pólizas, seguros, impostos, etc).

8 As brigadas intégranse no dispositivo de emerxencia do Distrito Forestal onde se sitúe a entidade local, priorizando a actuación das brigadas na extinción de incendios forestais respecto de outros traballos. Cando concorran situacións de emerxencia o órgano autonómico poderá decidir mobilizar estes medios fóra do termo municipal.

9 Tal e como establece o punto 11 da cláusula oitava do convenio, realizar as labours de prevención (roza, rareo e eliminación de restos nos 3 meses de operatividade das dúas brigadas en vía e camiños forestais, áreas de cortalumes, faixas de xestión de biomada, superficies de cesión de aproveitamento a favor da entidade local, etc).

Os gastos subvencionables na acción de de cada unha das brigadas, integradas por 5 compoñentes, a Consellería do Medio Rural abonará como máximo a cantidade de 54.369,24 €/mes, que inclúe gastos de persoal, o funcionamento e mantemento dos vehículos de transporte, os recoñecementos médicos e probas de esforzo, os cursos de formación, así como a subministración de EPIs de extinción e ferramentas de extinción (batalumes, pulaskis, etc).

Polo tanto, esta entidade terá operativa a actuación de 2 brigadas integradas con 5 compoñentes cada unha delas.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar os trámites para a contratación de 2 brigadas forestais integradas con 5 compoñentes cada unha delas.
2. Aprobar as seguintes bases:

BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIMEN LABORAL TEMPORAL DA CONTRATACIÓN DE 2 BRIGADAS DE PREVENCIÓN, VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.- A convocatoria ten por obxecto contratar 2 brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais, formadas cada unha delas por 1 xefe de brigada, 1 peón de brigada condutor e 3 peóns de brigada, segundo o convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Boqueixón para a participación na prevención e defensa forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no Marco do PDR de Galicia 2014-2020

Seleccionarase e confeccionaranse 3 listaxes de aspirantes a cubrir para: **2 postos de xefe de brigada, 2 postos de peón de brigada condutor, 6 postos de peóns de brigada.**

A duración da contratación será de 3 meses.

A modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de obra ou servizo a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo. Tendo en conta que é compromiso do concello de Boqueixón que as brigadas teñan plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias

2.- As funcións serán as seguintes e conforme o establecido no convenio de colaboración subscrito:

Tal e como establece o punto 11 da cláusula oitava do convenio, realizar as labores de prevención (roza, rareo e eliminación de restos) nos 3 meses de operatividade das dúas brigadas en vía e camiños forestais, áreas de cortalumes, e nas súas faixas de xestión de biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre os cales a entidade local terá cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 terceiro da Lei 3/2017, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición. Todo elo cando non sexa posible a mecanización de ditos

traballos. Cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización das brigadas fóra do termo municipal.

3.- A retribución do salario bruto incluída a parte proporcional das pagas extras dos traballadores:

OCUPACIÓN	RETRIBUCIÓN
Xefe de brigada	1.187,27 euros/mes
Peón de brigada conductor	1.128,94 euros/mes
Peón de brigada	1.070,60 euros/mes

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

- g) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea.
- h) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- i) Estar inscrito coma desempregado/a no Servizo público de Emprego. Os candidatos serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello de Boqueixón para as ocupacións de:
 - **2 postos de xefe de brigada**, no código 64101022 e estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. **Con carné de conducir B.**
 - **2 postos de peón de brigada condutor**, no código 95431028 **con carné de conducir B**
 - **6 postos de peóns de brigada**, no código 95431028.
- j) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas. (anexo II).
- k) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta (anexo III DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA)

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

Os/as aspirantes estarán preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/os previa oferta presentada por esta entidade requirindo candidatos/as nas ocupacións e códigos arriba indicados.

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) co DNI e carné de conducir B (no seu caso). Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba escrita para optar ás prazas, baremación dos méritos e valoración do tempo como desempregados/as. Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar na alcaldía das dependencias municipais da Casa do Concello unha copia fotocopiada do temario.

Para realizar a selección presentarase oferta no Servizo Público de Emprego de Santiago Norte para que remitan candidatos/as desempregados/as inscritos/as no Servizo público de Emprego e procederase a realización de proba escrita, proba práctica e baremación de méritos.

CUARTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

- A comisión seleccionadora será nomeada por Alcaldía e estará composto por 5 membros titulares e suplentes: un Presidente/a, 3 vogais, e un Secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal calificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o personal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora farase por resolución de alcaldía. Dita resolución publicárase no taboleiro de edictos do concello de Boqueixón.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente/a da comisión seleccionadora.

A comisión seleccionadora resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garanticen a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. O Tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, debendo notificalo á presidencia, en caso contrario poderán ser recusados polos/as aspirantes se concorre algunha daquelas circunstancias.

QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

A Comisión seleccionadora realizará unha fase de probas que puntuará un máximo de 6 puntos, unha fase de baremación de méritos que puntúa un máximo de 3 puntos, e unha valoración do tempo en desemprego dos/as candidatos/as que puntúa un máximo de 1 punto, sumando como máximo 10 puntos todo o proceso selectivo, tal e como segue:

Proceso selectivo	Máximo a puntuar
1º.- FASE DE PROBAS: PROBA ESCRITA	Máximo de 6 puntos
2º.- BAREMACIÓN MÉRITOS	Máximo de 3 puntos
3º.- TEMPO COMO DESEMPREGADO	Máximo de 1 puntos

1º.- FASE DE PROBAS:

Esta fase ten **carácter obrigatoria e eliminatoria**, consistirá na realización dun exercicio, un teórico e terá unha puntuación máxima de 6 puntos.

PROBA ESCRITA: Máximo de 6 puntos

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test relacionado co posto ó que opta, cos temas relacionados no anexo I.

Está dirixida a determinar os coñecementos dos aspirantes sobre a profesión e o coñecemento do medio. O examen tipo test terá unha resposta correcta por pregunta. (Os erros non puntúan negativo).

Sendo 3 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

A duración da proba escrita a decidirá a comisión seleccionadora.

Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar nas dependencias municipais da Casa do Concello unha copia do temario.

2º.- BAREMACIÓN MÉRITOS : Máximo de 3 puntos

A puntuación obtida nesta fase, non será eliminatoria.

Baremo para a valoración de méritos é o seguinte:

1) A experiencia laboral computarase ata un máximo de 1 puntos:

Para os postos de peóns de brigada e peóns de brigada condutores:

- Traballos prestados como peón de brigada/peón forestal na administración pública e/ou en empresa privada: Por cada mes completo traballado: 0,10 puntos.

Para os postos de xefes de brigada:

- Traballos prestados como xefe/capataz de brigada na administración pública e/ou en empresa privada: Por cada mes completo traballado: 0,10 puntos.

A experiencia acreditarase mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante informe ou certificación expedido pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo.

Aqueles candidatos/as que traballasen no concello de Boqueixón poderán solicitar mediante a presentación do anexo IV para que o concello lle expida a correspondente certificación.

2) Para todos os postos, a formación valorarase do seguinte xeito:

Cursos, seminarios e xornadas relacionados co posto ofertado, a puntuación non poderá superar un 1 punto. (NON SE VALORAN CURSOS DE INFORMÁTICA, E DE IDIOMAS). Establécese o seguinte baremo:

- Cursos entre 10 e 20 horas de duración: 0,10 puntos
- Cursos entre 21 e 30 horas de duración: 0,20 puntos
- Curso entre 31 e 40 horas de duración: 0,30 puntos
- Curso entre 41 e 50 horas de duración: 0,40 puntos
- Curso de entre de 51 a 100 horas de duración: 0,50 puntos
- Curso de máis de 101 horas de duración: 1 punto

3) Cursos de galego ou validación (a puntuación non poderá superar 1 punto): só se computará o de nivel máis alto (ó final destas bases hai un anexo das validacións dos CELGAS):

Celga 4 ou validación: 1 punto.
Celga 3 ou validación: 0,75 puntos.
Celga 2 ou validación: 0,50 puntos.
Celga 1 ou validación: 0,25 puntos.

3.- Valorarase o tempo como desempregado desde o último traballo (segundo informe de vida laboral): máximo 1 punto.

Menos de 12 meses	0,25 puntos
De 12 a 18 meses	0,50 puntos
Máis de 18 meses	1 punto

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citado tribunal, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Os méritos que aleguen o/as interesados/as e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os presentados na data de realización do proceso selectivo. A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos.

Os empates producidos nas puntuacións obtidas por 2 ou máis candidatos/as na puntuación final dirimirase atendendo á puntuación máis alta acadada no apartado de experiencia laboral na fase de baremación de méritos, se segue existindo empate atenderase á puntuación máis alta acadada na proba teórica, se segue existindo empate atenderase á puntuación máis alta acadada no apartado de formación e se segue existindo empate, atenderase ó apartado de cursos de galego ou validación.

SEXTA- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Terminada a cualificación de todos os exercicios, o tribunal publicará no Taboleiro de anuncios da corporación e na páxina web municipal a relación de aspirantes aprobados pola orde de puntuación.

Previamente á contratación dos aspirantes con maior puntuación, e segundo se detalla na cláusula oitava, punto 4 do convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural, o persoal que formará as brigadas, debe realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar este recoñecemento médico nin a proba física non se poderá realizar a contratación de dito aspirante.

Unha vez cumpridos estes requisitos favorablemente, a comisión seleccionadora formulará a proposta de contratación a favor dos aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados lista de reserva.

Dita lista de reserva será exclusivamente a efectos de cobertura de renuncias, de baixas en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando

ós integrantes da lista de reserva dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

Abrirase un prazo de 10 días para a presentación das alegacións ós resultados acadados que se indicará cando se publique o listado da puntuación final. De non presentarse elevarase a definitivo a lista que se publicará na páxina Web do Concello e no taboleiro de anuncios.

SÉTIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ao alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

A formalización do contrato realizarase conforme o previsto na lexislación vixente.

OITAVA: INCIDENCIAS.

1º A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

2º Este acordo publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Boqueixón, e na páxina WEB do concello de Boqueixón www.boqueixon.com

Dado en Boqueixón o día 18 de maio de dous mil dezasete, polo Alcalde Manuel Fernández Munín.

Anexo I.

TEMARIOS

POSTOS DE PEÓNS DE BRIGADA
TEMA 1. Listado de parroquias e núcleos do Concello de Boqueixón. TEMA 2. O pladiga TEMA 3. Comportamento do lume TEMA 4: Extinción dos incendios forestais TEMA 5: Ataque directo TEMA 6: Ataque indirecto TEMA 7: A liña de control

PEÓNS DE BRIGADA CONDUCTOR
TEMA 1. Listado de parroquias e núcleos do Concello de Boqueixón. TEMA 2. O pladiga

TEMA 3. Funcións do peón condutor
TEMA 4: Comportamento do lume
TEMA 5: Extinción dos incendios forestais
TEMA 6: Ataque directo
TEMA 7: Ataque indirecto
TEMA 8: A liña de control

POSTOS DE XEFES DE BRIGADA

TEMA 1. Listado de parroquias e núcleos do Concello de Boqueixón.
TEMA 2. Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.
TEMA 3. O pladiga
TEMA 4: Comportamento do lume
TEMA 5: Extinción dos incendios forestais
TEMA 6: Ataque directo
TEMA 7: Ataque indirecto
TEMA 8: A liña de control

ANEXO II

Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección de PEÓN DE BRIGADA / PEÓN DE BRIGADA CONDUCTOR / XEFE DE BRIGADA PARA A ACTUACIÓN DAS BRIGADAS DE PREVENCIÓN, VIXILANCIA E DEFENSA FORESTAL (2017)

Don/a.....,
con DNI..... e domicilio en
nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo de:

☐	PEÓN DE BRIGADA
☐	PEÓN DE BRIGADA CONDUCTOR
☐	XEFE DE BRIGADA

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- Así mesmo, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da

Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes,

DECLARA:

- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,
- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

En Boqueixón, o de de 2017

Sinatura:.....

Anexo III
DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA

Nome e apelidos:.....
DNI:..... Data nacemento:.....
Domicilio:..... Loc
alidade:..... Provincia:.....
Código postal: Núm. Teléfono:.....
E-mail:.....

Baixo a promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, DECLARO que non padezo enfermidade infecto-contaxiosa, e que conto cas condicións físicas e psíquicas necesarias para a realización das actividades físicas de esforzo que require o posto de traballo.

Así mesmo, **DECLARO** ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo algunha enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente,

Boqueixón,de de 2017

O/A interesado/a:.....

Anexo IV

Solicitude de certificación laboral do Concello de Boqueixón para valorar na fase de méritos do proceso selectivo de BRIGADAS FORESTAS (2017)

Nome e apelidos:.....

DNI:..... Data nacemento:.....
Domicilio:.....Localidade:..... Provincia:.....
Código postal: Núm. Teléfono:.....
E-mail:.....

DECLARA ter traballado nesta entidade local, e **SOLICITA**, para o efectos de que lle sexa valorado os méritos no apartado de experiencia laboral neste proceso selectivo, un certificado da experiencia laboral no concello de Boqueixón.

Boqueixón,de.....de 2017

Anexo V. Celga: validacións

O sistema de validacións dos Celga é o seguinte:

1. Serán validables polo Certificado de lingua galega 1(Celga 1):

- O certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado de curso de lingua galega para non galego-falantes impartidos polas universidades galegas, ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado do nivel básico dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.

2. Serán validables polo Certificado de lingua galega 2 (Celga 2):

- O título de graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia, ata a entrada en vigor desta orde
- O certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego da ESO nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, subscrito entre ambas as dúas comunidades.

3. Serán validables polo Certificado de lingua galega 3 (Celga 3):

- O título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP1), sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas.
- O certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego na ESO e no bacharelato nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, subscrito entre ambas as dúas comunidades.

- **Certificado de aptitude dos cursos de Iniciación de lingua galega (segundo Orde do 1º de abril de 2005)**

4. Serán validables polo Certificado de lingua galega 4 (Celga 4):

- O título de bacharelato (LOXSE ou BUP) ou técnico de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- A certificación do curso de especialización en lingua galega para profesores de EXB.

5. Serán validables polo Certificado de lingua galega 5 (Celga 5):

- O título de licenciado en filoloxía galega ou filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués).
- Calquera outro título de licenciatura, diplomatura ou equivalente, sempre que se acompañe de certificación de que se cursaron, polo menos, 18 créditos de lingua galega, e se estea en posesión do Celga 4.
- O certificado do ciclo superior de galego, expedido polas escolas oficiais de idiomas conforme ao programa previsto no Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os contidos mínimos correspondentes ao ensino especializado das linguas españolas impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

Atendendo á *ORDE de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecementos da lingua galega (Celga)*. (DOG. núm. 34 do 19 de febreiro de 2014). CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA: “Tres. A disposición adicional segunda queda redactada da seguinte maneira: «Disposición adicional segunda. Valoración de méritos e requisitos

1. Para a valoración de méritos, naqueles casos nos que proceda, e para o acceso á función pública galega, así como naqueles procedementos nos que se esixa o coñecemento da lingua galega, excepto para o estipulado na letra c) do apartado 5 do anexo I da presente orde, terá a mesma validez posuír **as certificacións de aptitude dos niveis de lingua galega oral, iniciación e perfeccionamento** (expedidas ao amparo da Orde do 19 de xaneiro de 1989 e da Orde do 1 de abril de 2005, ou da normativa anterior) que posuír as certificacións de aptitude dos Celga 1, Celga 3 e Celga 4, respectivamente.

2. Nas bases das convocatorias de oposicións, concursos de méritos ou en calquera outro procedemento estableceranse os niveis de lingua esixidos como requisito ou como mérito. Para iso, todos estes procedementos terán que axustarse ás convalidacións establecidas na presente orde».”

Para facer efectiva a validación débese proceder do xeito seguinte:

No caso de que o título ou certificado para validar corresponda ao ensino regrado preuniversitario, é dicir, EXB, Primaria, Secundaria ou Formación Profesional, a validación correspondente deberá solicitarse ao secretario/a do centro no que se estudou, xa que alí se custodian as cualificacións.

No resto dos casos, as validacións solicitaranse á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

11. Solicitud axuda e subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o ano 2017.

Vista a Orde do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017 (DOG. núm. 87, luns 8 de maio de 2017).

A Orde establece no artigo 12, o procedemento de concesión das axudas por concorrência competitiva e no mesmo artigo 12, punto 4, establece a preferencia de proxectos que sendo de maior interese xeral e social, se realicen preferentemente nalgunha das seguintes actividades: hasta 15 puntos, cando se trate de obras ou servizos relacionados con protección e mantemento de zonas e espazos naturais. Cando os proxectos correspondan a servizos de salvamento e socorrismo, incrementaranse 20 puntos. O artigo 6, punto 3 establece que as entidades solicitantes deberán presentar unha solicitude por cada obra ou servizo a desenvolver.

A Orde establece no artigo 5º as contías máximas de subvención que percibirá cada entidade beneficiaria para os efectos salariais incluíndo a cotización empresarial á seguridade social, por cada persoa traballadora desempregada contratada segundo o grupo de cotización.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a solicitude do “Servizo de salvamento acuático”: 1 socorrista acuático, e do “Servizo de mantemento de zonas e espazos naturais”: 3 peóns de obras públicas.

2 Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación anticipada de traballadores desempregados para a realización do mencionado servizo.

3 Aprobar a memoria do “Servizo de salvamento acuático” e “Servizo de mantemento de zonas e espazos naturais” e a vinculación do programa de cooperación solicitado coa estrutura do paro no ámbito territorial por cada un dos servizos citados.

4 Dispór de asignación orzamentaria suficiente para facer fronte ás partidas orzamentarias non subvencionadas, para a realización dos servizos anteriormente descritos.

5 En relación ao cálculo da subvención da obra/servizo polo que se solicita a subvención: Que o convenio colectivo das condicións de traballo do persoal laboral do concello de Boqueixón publicado no DOG. Núm. 42, de 2 de marzo de 2005 non se aplica a estos traballadores/as desempregados/as que se van contratar para a execución da obra/servizo, aplicándose as táboas salariais recollidas no presuposto xeral municipal para o ano 2017, que foi aprobado no Pleno da corporación na sesión extraordinaria que tivo lugar o 14 de febreiro de 2017. No expediente do presuposto inclúese as táboas salariais,

Servizo de salvamento acuático;

				CUSTOS UNITARIOS MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
Nº trabaj.	G.C.	Ocupación	CNAE (4 díxitos. Ocupación (letra))	Salario Bruto	% Cota patronal SS	Cota patronal SS	Total custo mensual	Duración contrato en meses	Tipo xorna da %	Custos salariais totais
1	8	Socorrista acuático	9329	994,30 €	34,10	339,06 €	1.333,36 €	2	100	2.666,72 €
TOTAL SUBVENCIONABLE										2.666,72 €

Servizo de mantemento de zonas e espazos naturais

Nº trabaj.	G.C.	Ocupación	CNAE (4 díxitos. Ocupación (letra)	CUSTOS UNITARIOS MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				Salario Bruto	% Cota patronal SS	Cota patronal SS	Total custo mensual	Duración contrato en meses	Tipo xorna da %	Custos salariais totais
3	10	Peón de obras públicas	D	1.187,27 €	37,80	448,79 €	1.636,06 €	3	100	14.724,54 €
TOTAL SUBVENCIONABLE										14.724,54 €

Tal e como establece o artigo 5º o importe máximo subvencionable para un grupo de cotización 10 é de 1500 euros mensuais polo que o importe máximo subvencionable para estes 3 traballadores para un período de 3 meses é de 13.500 euros.

6 Coñecer e aceptar as bases reguladoras recollidas na convocatoria.

7 Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó departamento de contratación de persoal e ó departamento de Secretaría-Intervención.

12. Solicitud de subvención para a promoción do uso da lingua galega, ano 2017

No DOG nº 83 do 2 de maio do 2017 saíu publicada a Orde do 6 de abril de 2017 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

O obxecto desta orde é fomentar a prestación dun servizo lingüístico mediante a súa creación, mantemento ou reforzamento dos existentes, ou a promover a planificación e o desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2017.

O Concello de Boqueixón ten consolidado un Servizo de Normalización Lingüística dende 1999.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1.- Solicitar á Secretaría Xeral de Política Lingüística unha subvención para a modalidade de Mantemento do servizo lingüístico municipal xa existente, por un importe de **8.401,4 euros** destinado a cubrir o 50% do salario bruto e seguridade social da técnica Pilar Pazos Santasmarinas do período que vai dende o 01/01/2017 ata o 31/08/2017.

2.- Acreditar ter remitidas as contas xerais do último exercicio ó consello de Contas.

3.- Aprobar o proxecto descritivo da modalidade para a que se solicita a subvención (Anexo II) e a memoria explicativa.

4.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

5.- Comunicar este acordo á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

13. Aprobación do convenio de colaboración con RAMSA para a realización do 4º encontro de fraternidade do DRAGAL

Esta entidade organiza o presente ano a IV edición do Encontro da Fraternidade do Dragal en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. Este evento está previsto realizalo o 31 de maio de 2017 no cumio do Pico Sacro.

A importancia deste encontro radica na promoción e potenciación do Pico Sacro como recurso cultural, histórico e turístico, así como toda a importancia pola relación coa cultura Xacobeá que leva consigo e a participación nun evento lúdico- educativo.

Participan no Encontro 6 Centros Educativos (IES Antonio Fraguas de Santiago de Compostela, IES Maximino Romero de Lema de Baio, CPI de Castroverde, IES Lauro Olmo de O Barco de Valdeorras, IES Marco do Camballón e CPI Aurelio Marcelino Rey García de Cuntis), un total de 327 rapaces/as aproximadamente, 23 docentes e 25 colaboradores da organización (monitores, voluntarios, protección civil, etc), que realizarán ó longo do mañá diferentes actividades e xogos de rol relacionados coas lendas do Pico Sacro e coa triloxía DRAGAL de Elena Gallego Abad.

Os custos económicos que conleva a organización deste encontro elévanse a 2.886,5 €

Polo tanto, debido a que urxe a colaboración económica para a execución do encontro no presente mes, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración con Rocas, Arcillas y Minerales, SA (RAMSA) para o desenvolvemento do citado evento, nos termos que a continuación constan:

Na Casa Consistorial de Boqueixón a 19 de maio de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Dº Manuel Fernández Munín con DNI xxxxx, en calidade de alcalde do Excmo. Concello de Boqueixón,

E doutra D. Rafael Fuentes Martín, con DNI xxxxx, que actúa en nome e representación de Rocas, Arcillas y Minerales, SA (RAMSA).

EXPOÑEN

Que dentro do espírito de boa veciñanza e colaboración forxado ao longo de máis de 30 anos de explotación da mina “SERRABAL”, entre o Concello de Boqueixón e RAMSA, acordaron subscribir o presente convenio de obrigacións recíprocas sobre as relacións entre ambas entidades.

OBRIGAS E DEREITOS

1 A vixencia do presente convenio cinguese á realización do evento puntual e de duración dun día: IV Encontro da Fraternidade do Dragal o 31 de maio de 2017 .

2 Que o Concello de Boqueixón, desde o Departamento de Formación e Emprego, vai organizar xunto coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, o citado Encontro no Pico Sacro.

3 Este evento implica a organización, en base á triloxía da literatura galega Dragal, de varios xogos rol e actividades no Pico Sacro no que participarán 6 centros educativos de toda Galicia: IES Antonio Fraguas de Santiago de Compostela, IES Maximino Romero de Lema de Baio, CPI de Castroverde, IES Lauro Olmo de O Barco de Valdeorras, IES Marco do Camballón e CPI Aurelio Marcelino Rey García de Cuntis. Un total aproximado de 327 rapaces/as, 23 docentes e 25 colaboradores da organización (monitores, voluntarios, protección civil, etc). O encontro supón unha importante acción de potenciación e promoción cultural, patrimonial e turística do Pico Sacro e de toda a historia lexendaria que acumula este monte.

4 RAMSA, doará ó Concello 2.886,5 € euros coa finalidade de costear os gastos derivados da actividade que a continuación se detallan:

CONCEPTO	UNIDADES	CUSTO
CARPA	1	1000 €
ORLANDO – MÁQUINA FILLOEIRA /	1	786 €
380 CHOURIZOS		380 €
380 BOCADILLOS PARA PARTICIPANTES		418 €
PORTES E ALPACAS	40 alpacas	145,2 €
ALUGUER DE VALADOS E PORTES	20	157,30 €
TOTAL		2.886,5 € ive engadido

5 Que desde o Departamento de Formación e Emprego vaise levar a cabo o seguimento, coordinación e supervisión da actividade que se vai desenvolver.

6 Durante o desenvolvemento do evento e en todas as accións de difusión que se realicen, terá presenza a colaboración de Rocas, Arcillas y Minerales, SA.

7 A entrega desta aportación económica farase á sinatura do presente convenio por ambas partes e a entidade perceptora remitirá o correspondente certificado de toma en conta en contabilidade do ingreso.

As partes comparecentes na representación que ostentan, outorgan validez e carácter executorio ó presente acordo, asinándoo por duplicado exemplar no lugar e data do encabezamento indicado.

SEGUNDO.- Comunicar esta resolución á Rocas, Arcillas y Minerales, SA.

14. Contratación do servizo de monitores para realización de actividades de verán

Desde o Departamento de Cultura tódolos anos se organizan unha serie de actividades que se desenvolven baixo o nome do programa Verán Activo.

Para levar a cabo as actividades propias deste programa, é preciso contar con varios monitores debido a que, debido ó número de participantes, o persoal co que conta o

concello non é suficiente para poder atender e coordinar as actividades, e ademais nestas épocas os traballadores poden solicitar as súas vacacións anuais, circunstancia que tamén se ten en conta nesta contratación.

Polo tanto, é preciso solicitar ofertas ás empresas capacitadas coa finalidade de poder realizar a contratación dos monitores que se precisan, segundo as circunstancias e características das actividades a impartir. Deberase contar cun monitor encargado da coordinación das actividades que se desenvolverán nas instalacións municipais e, terase en conta o número de asistentes para a contratación do persoal necesario.

A programación do Verán Activo sería a seguinte:

Desenvolveranse actividades lúdicas e de tempo libre, como por exemplo, xincanas, xogos, teatro, actividades acuáticas e deportivas, así como obradoiros creativos de pintura, maquillaxe, conta contos con papiroflexia, etc.

Do 26 ó 30 de xuño

2 quincenas de xullo (de luns a venres)

2 quincenas de agosto (de luns a venres)

Horario: de 9.30 a 13.30 h

As actividades terían que comezar o día 26 de xuño. O custo estimado do contrato, tendo en conta o gasto dos pasados anos, sería de aproximadamente 5.000,00 euros. Debido á duración do contrato (2 meses e 1 semana) e ó seu importe, estaríamos ante un contrato menor. O custo do mesmo sería aboado cos ingresos dos participantes.

Polo tanto, e para dar cumprimento ás bases de execución do presuposto, solicítanse ofertas a 3 empresas capacitadas, polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1 Solicitar presupostos ás seguintes empresas para contratar os monitores necesarios para a realización dos diversos programas que se desenvolven no Departamento de Cultura desde o día 26 de xuño ata finais do mes de agosto. Tamén se publicará no perfil do contratista da páxina web municipal

CPM Eventos

Sta. Cruz de Rivadulla

Vedra

Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL

Lugar de Vilar, nº 5 – 15882 Touro

Rocío Couto Rendo

Francés, 10

S. Pedro de Vilanova

15885 Vedra

2 As empresas deberán presentar as súas ofertas especificando o custo por hora de cada monitor, por quincena ou segundo o tempo de desenvolvemento de cada actividade, tendo en conta que un dos monitores deberá facer funcións de coordinación. Concederanse 7 días hábiles para a súa presentación.

15. Aboamento do segundo pago á empresa Vueling en relación co intercambio con Ibiza

O departamento de Xuventude e Voluntariado do concello de Boqueixón está a programar xunto co concello de Vedra e o concello de Vila de Cruces as actividades a levar a cabo no ano 2017.

Dentro das actividades, estamos organizando un intercambio dirixido a mozos/as de 15 a 17 anos, que se levará a cabo en Ibiza do 2 ó 9 de agosto. (Así acordado na Xunta de Goberno do 2 de febreiro do 2017)

Para o voo do grupo, que viaxará a Ibiza, solicitouse a tarifa de grupo, a cal ascende a 2.646,25€ IVE engadido. As condicións do pagamento son:

1º pago 15% 396,94 € (pagado con data 3 de febreiro do 2017)

2º pago 43% 1.124,66€ (a pagar con data límite 03/06/2017)

3º pago 43% 1.124,66€ (a pagar con data límite 03/07/2017)

É necesario aboar anticipadamente o 2º pago, do 43% do importe total, (1.124,66€)

Por outro lado débese ter en conta que, no seu momento, o citado importe de 2.646,25 € será asumido polos participantes.

Por todo o cal a Xunta de Goberno acorda:

1. Aboar á empresa Vueling 1.124,66€ correspondente, o segundo pago, o 43%.
2. Comunicar este acordo a tesourería para que proceda ao seu aboamento na seguinte conta: Entidade: DEUTSCHE BANK, IBAN: ES28 00190067154010010241 SWIFT/BIC CODE: DEUTESBBXXX

16. Solicitude subvención á Consellería de Política Social “Galeuropa”, dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil con cargo o programa operativo de emprego xuvenil, ano 2017

No DOG do 15 de maio de 2017, saíu publicada a Orde do 2 de maio de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil e se procede a súa convocatoria para o ano 2017.

O procedemento BS324C que regula esta Orde, establece que poderán solicitar as axudas aqueles concellos que, sin constituir mancomunidade, acorden desenvolver programas conxuntos de actuación. Neste caso, todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

A solicitude poderá formalizala, no caso de agrupación de concellos, o/a representante que se estableza no acordo de cooperación logo da autorización de cada un dos concellos, e a persoa solicitante deberá ser autorizada e designada polo pleno ou xunta de goberno ou por un decreto da alcaldía.

Seguindo o procedemento iniciado mediante o convenio firmado polos 3 concellos o Concello de Boqueixón será o encargado de xestionar esta orde.

O período subvencionable abranguerá ata o 9 de decembro do 2017 para a súa xustificación.

A duración do proxecto será de 3 meses (1 setembro a 30 de novembro), os países seleccionados son Irlanda, Italia e Reino Unido, o número de mobilidades é de 20 para os 3 países, dividíndose en 8 mobilidades a Irlanda, 4 mobilidades a Italia e 8 mobilidades a Reino Unido.

En canto aos importes a aboar o establecido na orde son:

- Apoio a aspectos organizativos (artigo 6.1 das bases reguladoras) 550 € por participante
- Apoio para a entidade de envío (artigo 6.1 das bases reguladoras) 275 € viaxe de ida e volta, aloxamento e manutención Irlanda: 48.13€, Italia:44.38€, Reino Unido:54.97 €
- Apoio para a entidade socia de acollida: importe por día Irlanda 39 €, Italia 39 €, Reino Unido 40€, se un grupo ten menos de 8 participantes ou máis de 12, os importes unitarios reduciranse ou incrementaranse nun 5% por participante respectivamente
- Gastos de viaxe ida e volta (artigo 6.2 das bases reguladoras): 275 € participante e país
- Aloxamento e manutención (artigo 6.3 das bases reguladoras) Irlanda: 1.464 €, Italia: 1.350 €, Reino Unido: 1.672 €.

A xunta de goberno acorda:

1.Solicitar á Consellería de Política Social unha subvención ó abeiro da orde do 2 de maio do Programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa por un importe de 123.120,20 €

Desglose do orzamento:

Axuda de apoio a aspectos organizativos.....	11.000,00€
Apoio a entidade de envío.....	4.687,20€
Apoio á entidade de acollida.....	10.469€
Gastos de viaxe das persoas participantes	5.500,00€
Gastos de manutención e aloxamento.....	91.464,00€

2.Designar e autorizar ao concello de Boqueixón para que actúe como representante dos concellos de Vedra e Vila de Cruces para a petición da subvención.

3.Nomear como representante do proxecto a Pascual Villaverde Núñez.

4.Facultar ó Sr. Alcalde, Manuel Fernandez Munín, para formalizar a correspondente solicitude e realizar as xestións oportunas nos termos regulamentariamente establecidos ao efecto.

5.Notificar este acordo a Consellería de Política Social e aos concellos de Vedra e Vila de Cruces.

17. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e praxe
O alcalde